



LOLXA  
AGROPECUARIA  
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	215.674
TOTAL ASISTENCIA	923		
TOTAL ADXUDICADOS	860		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	94	31
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	110	146
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	132	203

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	364	252
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	371	257
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	391	296

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	417	373
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	505	434

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	288.066
TOTAL ASISTENCIA	429		
TOTAL ADXUDICADOS	406		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.506
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	962
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	544
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	229

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	54.380
TOTAL ASISTENCIA	80		
TOTAL ADXUDICADOS	61		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,42	0,96
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,42	2,37
RAZA RUBIA GALEGA	2,81	2,64

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,240	-0,05	<p>Nova e importante baixada do cebo na sesión de hoxe da Lonxa. Aínda que setembro se configura estruturalmente nun mes onde as cotizacións do cebo tenden a baixar, no presente ano, estas cotizacións non defenden nen de lonxe os custos de produción. É que dende principios do mes de xullo, cando os porcos acadaron as máximas estacionais, as cotizacións veñen baixando moi perigosamente (23 céntimos), sobre unhas cotizacións máximas un 6% inferiores ás acadadas no 2006. Con estes datos, o cebo caeu dende a máxima estacional un 18,40% e sitúase 17 céntimos por baixo da cotización rexistrada na mesma semana do 2006. E todo isto cuns custos de alimentación nos seus máximos históricos.</p> <p><b>Parámetros semanais:</b> A oferta manifesta que os pesos son baixos, froito dunha boa actividade durante todo o verán que se veu incrementada no presente mes (as temperaturas suaves favoreceu o engorde nos cebadoiros; e a actividade dos matadoiros foi superior á rexistrada no pasado ano). Porén a Industria manifesta que os pesos son os correctos e pide a baixada que ao final é aceptada. <b>Perspectivas negativas.</b></p>
SELECTO	1,045	-0,05	
NORMAL	1,020	-0,05	
CASTRADO	1,380	-0,05	
CANAL II	1,325	-0,064	
DESVELLE	0,56/0,62	-0,02	

**BACORIÑOS**

BASE 20 KGS.	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	--	S/C	--	<p><b>Terceira semana na que os bacoriños non cotizan na Lonxa Agropecuaria de Galicia.</b></p> <p>As baixas cotizacións coas que pechou a cotización na semana 35 (21 € o selecto fronte aos 36 acadados na mesma semana de 2006) recomendou deixar a este mercado sen cotizacións de referencia, esperando un punto de inflexión que fixera motivar o cambio de tendencia no mercado. Pero isto aínda non se produciu, e incluso na sesión de hoxe, os axentes participantes nas mesas de prezos manifestaron que é moi complicada a venda, (non existe demanda) e as cotizacións de mercado (escasas) se rexistran por debaixo destes 21 €.</p> <p>A <b>situación é claramente insostíbel</b>, onde as cotizacións poden andar no 50% dos custos de produción, polo que de non haber un troco radical, a produción pechará o presente ano con números vermellos. E por se isto fora pouco, as malas perspectivas para o sector do cebo, frea aínda máis a entrada de bacoriños. Manifestase unha clara situación de colapso no mercado do porcino.</p>
NORMAL	--	S/C	--	

**OVOS**

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,65	+0,02	1,65	+0,02	<p>Por cuarta semana consecutiva, e despois da espectacular suba producida na Lonxa do 21 de agosto, os ovos incrementáanse nas gramaxes máis altas. A razón segue estando no incremento dos pensos.</p> <p>É polo tanto, o avícola un sector que tenta neste trimestre repercutir a suba dos pensos no produto final, algo que non se produciu noutros sectores. E as perspectivas son que estas subas moderadas cheguen ao final de ano.</p>
L	1,44	+0,01	1,44	+0,01	
M	1,27	0,00	1,27	0,00	
S	1,12	0,00	1,12	0,00	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	+0,03	<p>Nova suba na Lonxa de hoxe no que respecta ás galiñas de desvelle.</p> <p>O continuo incremento das cotizacións dos ovos fai que o sector non se prantexe de momento a reposición de galiñas o que implica unha clara falla de oferta dos matadoiros que sacrifican estas aves.</p>

**COELLO**

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p>Segunda semana consecutiva de incrementos nas cotizacións dos Coellos. Pero a pesares de que as subas son importantes (25 céntimos nas dúas semanas) temos que ter en conta que o punto de partida é extraordinariamente baixo (40 céntimos inferiores á mesma semana do 2006) cuns custos de alimentación excesivamente altos. A situación de momento segue a ser reservada, á espera de que se dean repercutido as perdas acumuladas do que vai de ano.</p>
NOVO	1,49	+0,15	